

a) Nos municipios de máis de 250 habitantes, o alcalde cesante quedará excluído da cabeza de lista para efectos da elección, e ocupará o seu lugar o segundo da lista, tanto para efectos da presentación de candidaturas á alcaldía coma de designación automática do alcalde, en caso de pertencer á lista máis votada e non obter ningún candidato o voto da maioría absoluta do número legal de concelleiros.

b) Nos municipios comprendidos entre 100 e 250 habitantes, o alcalde cesante non poderá ser candidato á alcaldía nin proclamado alcalde en defecto dun candidato que obteña o voto da maioría absoluta do número legal de concelleiros. Se ningún candidato obtívese esa maioría, será proclamado alcalde o concelleiro que obtívese máis votos populares nas eleccións de concelleiros, excluído o alcalde cesante.

5. A previsión contida no número anterior non será aplicable cando a cuestión de confianza se vincule á aprobación ou modificación dos orzamentos anuais. Neste caso entenderase outorgada a confianza e aprobado o proxecto se no prazo dun mes desde que se votou o rexeitamento da cuestión de confianza non se presenta unha moción de censura con candidato alternativo a alcalde, ou se esta non prospera.

Para estes efectos, non rexe a limitación establecida no número 2 do artigo anterior.

6. Cada alcalde non poderá suscitar máis dunha cuestión de confianza en cada ano, contado desde o inicio do seu mandato, nin máis de dúas durante a duración total deste. Non se poderá suscitar unha cuestión de confianza no último ano de mandato de cada corporación.

7. Non se poderá suscitar unha cuestión de confianza desde a presentación dunha moción de censura ata a votación desta última.

8. Os concelleiros que votasen a favor da aprobación dun asunto ó que se vinculase unha cuestión de confianza non poderán asinar unha moción de censura contra o alcalde que o propuxese ata que transcorra un prazo de seis meses, contado a partir da data de votación daquel.

Así mesmo, durante o indicado prazo, estes concelleiros tampouco poderán emitir un voto contrario ó asunto ó que se vinculase a cuestión de confianza, sempre que sexa sometido a votación nos mesmos termos que en tal ocasión. Caso de emitiren o dito voto contrario, este será considerado nulo.»

Terceira. O artigo 198 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 198.

Nos supostos distintos ós previstos nos artigos 197 e 197 bis, a vacante na alcaldía resólvese conforme o previsto no artigo 196, considerándose para estes efectos que encabeza a lista en que figuraba o alcalde o seguinte dela, a non ser que renuncie á candidatura.»

Cuarta. O número 7 do artigo 201 quedará redactado da seguinte forma:

«7. O presidente do cabido insular pode ser destituído de seu cargo mediante moción de censura, que se desenvolverá conforme o previsto no artigo 197. Pode ser candidato ó cargo de pre-

sidente calquera dos concelleiros insulares que encabecen as listas dos partidos, federacións, coalicións e agrupacións electorais na circunscrición.

Así mesmo, o presidente do cabido poderá cesar mediante a perda dunha cuestión de confianza suscitada por el ante o pleno da corporación, que se regulará polo disposto no artigo 197 bis desta lei, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

- a) Os orzamentos anuais.
- b) O regulamento orgánico.
- c) O plan insular de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.
- d) A aprobación que poña fin á tramitación insular dos plans de ordenación de ámbito insular previstos na lexislación urbanística.

Caso de non se obte-la confianza, o novo presidente será elixido de acordo co sistema previsto no artigo 197 bis para os alcaldes de municipios de máis de 250 habitantes.»

Quinta. Engádeselle ó artigo 207 un punto 4, do seguinte teor:

«4. Así mesmo, o presidente da deputación poderá cesar mediante a perda dunha cuestión de confianza suscitada por el ante o Pleno da Corporación, que se regulará polo disposto no artigo 197 bis desta lei, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

- a) Os orzamentos anuais.
- b) O regulamento orgánico.
- c) O plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

Caso de non se obte-la confianza, o novo presidente será elixido de acordo co sistema previsto no artigo 197 bis para os alcaldes de municipios de máis de 250 habitantes.»

#### Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**8929** *LEI ORGÁNICA 9/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.* («BOE» 96, do 22-4-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modificación da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, céntrase en facer posible que os municipios afectados polo exercicio dos dereitos de reunión e manifestación estean informados e fagan patente a súa opinión ante a autoridade gubernativa, sen que iso supoña a modificación das condicións e prazos para o exercicio dos ditos dereitos, de acordo co principio de lles garantir a estas entidades locais o seu dereito a participaren en todos aqueles asuntos que afecten o seu ámbito de interese, aínda que si se acomoda ó novo trámite o prazo de que dispón a autoridade gubernativa para prohibir ou propor modificacións.

Así mesmo, inclúense expresamente as comunidades autónomas con competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da seguridade cidadá, dentro do concepto de autoridade gubernativa.

**Artigo único.**

Introdúcense as seguintes modificacións á Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión:

Primeira. O artigo 9 da Lei orgánica 9/1983 queda redactado como segue:

«Artigo 9.

1. No escrito de comunicación farase constar:

a) Nome, apelidos, domicilio e documento oficial de identificación do organizador ou organizadores ou do seu representante, caso de persoas xurídicas, consignando tamén a denominación, a natureza e o domicilio destas.

b) Lugar, data, hora e duración prevista.

c) Obxecto desta.

d) Itinerario proxectado, cando se prevexa a circulación polas vías públicas.

e) Medidas de seguridade previstas polos organizadores ou que se soliciten da autoridade gubernativa.

2. A autoridade gubernativa notificaralle ó concello afectado os datos contidos no escrito de comunicación, agás cando se trate dunha convocatoria urxente das previstas no parágrafo segundo do artigo anterior, co fin de que este informe nun prazo de vinte e catro horas sobre as circunstancias do percorrido proposto. No caso de non se recibilo informe neste prazo, este entenderase favorable. O informe referirase a causas obxectivas tales como o estado dos lugares onde pretenda realizarse, a concorrencia con outros actos, as condicións de seguridade dos lugares de acordo coa normativa vixente e outras análogas de índole técnica. En todo caso, o informe non terá carácter vinculante e deberá ser motivado.»

Segunda. O artigo 10 da Lei orgánica 9/1983 queda redactado como segue:

«Artigo 10.

Se a autoridade gubernativa considerase que existen razóns fundadas de que poidan producirse alteracións da orde pública, con perigo para persoas ou bens, poderá prohibi-la reunión ou manifestación ou, se é o caso, propo-la modificación da data, lugar, duración ou itinerario da reunión ou manifestación. A resolución deberá adoptarse en forma motivada e notificarse no prazo máximo

de setenta e dúas horas desde a comunicación prevista no artigo 8, de acordo cos requisitos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Terceira. Engádesse unha disposición adicional á Lei orgánica 9/1983, coa redacción seguinte:

«Disposición adicional.

Terán a consideración de autoridade gubernativa para os efectos da presente lei, ademais das da Administración xeral do Estado, as correspondentes das comunidades autónomas con competencias para protección de persoas e bens e para o mantemento da seguridade cidadá, de acordo co disposto nos respectivos estatutos e na Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade e conforme o proceso de despregamento das respectivas policía autónomas.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**8930** LEI ORGÁNICA 10/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. («BOE» 96, do 22-4-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As modificacións que se introducen na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, céntranse en dúas previsións:

En primeiro lugar, artículase a necesaria participación da representación das corporacións locais como tales na programación do ensino a través do Consello Escolar do Estado.

En segundo lugar, modifícase o punto 1 da disposición adicional segunda, relativo á creación, construción e mantemento de centros públicos docentes polas corporacións locais. Sen prexuízo do cumprimento en todo caso das obrigas que nesta materia lles impón a disposición adicional décimo sétima da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, introdúcese a posibilidade de que as corporacións locais e as administracións educativas competentes poidan establecer-las condicións e as fórmulas de colaboración que consideren máis adecuadas para as mencionadas actividades de creación, construción e mantemento de centros públicos docentes.